

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane. Colección: Colección: Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane
Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Isaac Díaz Pardo do 06/03/1957

Colección:

Data: 06/03/1957

De:

Luís Seoane;

Para:

Isaac Díaz Pardo;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

O Castro [parr. Osedo, conc. Sada] (local), Osedo (parroquial), Sada (municipal)

Localización física:Fundación Luis Seoane

Mencionados:

Francisco Fernández del Riego; Constantino Grandío; José María de Labra; Antonio Lago; Laxeiro; Xohán Ledo; Urbano Lugrís; Cristino Mallo; Sebastián Martínez-Risco y Macías; Carlos Maside; Valentín Paz-Andrade; Manuel Prego de Oliver; Maruxa Seoane; Manuel Torres;

Notas do editor:

Transcrición da epistola de Luís Seoane, a Isaac Díaz Pardo do 06/03/1957

Buenos Aires, 6 de Marzo de 1957

Sr. D. Isaac Díaz Pardo
O Castro

Querido Díaz Pardo:

Recibín fotografías e cartas, mais aínda non sei ren do que lle deixaches a Valentín Todas isas cousas son para mín muy útiles. Agora escriboche de presa. O Centro Lucense inaugurou un novo local cun pequeno teatro, sala para música, biblioteca, salón de actos, etc., fixo tamén unha pequena sala de eisposicións que se abriu con unha eisposición de dibuxos espréndidos de Laxeiro. Agora fai falla manter esa sala con novas eisposicións preferentemente de xente disa. E pensaron que ti e Del Riego poderíadevos encarregar de solicitar ahí os traballos que teñen que sere de

momento estampas, dibuxos, grabados, pra non tere complicaci3n de caix3s e aduanas. Son xente seria con desexos de facer cousas pol-o arte galego. Eu pensei en eisposici3n de grabados en madeira de Maside, dibuxos i estampas de Torres, Prego de Oliver, Xohan Ledo, Lago Rivera, Labra, Villar, Lugo, e toda a xente moza de A Cruña, Ferrol, Vigo, etc. Fan falla dez eisposici3n pra iste ano. Tam3n ser3a interesante unha de dibuxos do escultor Mallo e de acuarelas, estampas ou o que sexa de Grand3o, que est3a en Madride. En fin, vos veredes. Vanse presentar ben, con cat3logos ben feitos e tratar3se de darlle a cada unha a resonancia debida e mais de facer o posible por vender. Unha das primeiras ten que ser unha eisposici3n t3a E necesario que as eisposici3n sexan de xente moza, non tanto pol-a idade, sen3n pol-a inquietude e caben na seleici3n todos, figurativos e abstractos, sempre que o seu linguaxe sexa ceibe e sinceiro. Isto pode chegar a sere unha cousa formid3bele e imos a competir todos xuntos cos artistas doutras terras e dista. Tam3n p3dese organizar algunha eisposici3n de grupo. Creo que eisisten na Cruña e no Ferrol. En fin, vos veredes. Imos poñer en valor o noso, e cando ti veñas xa trataremos de orgaizar unha grande eisposici3n coeitiva de mais alento. Fai falla que cada artista env3e 15 a 20 obras, millor 20 que 15, e si son de pequeno formato algunhas mais. As primeiras eisposici3n ter3n de estar eiqu3 a primeiros de Maio. O Centro Lucense vos escribir3a confirmando ista carta.

Cando veñas queremos facer unha t3a de cer3mica. Bueno, ren m3is. Agrad3zoches todol-os teus traballos, e non deixes de mandarme os que podas. Imos de ver mais adiante de pubricar pequenas monograf3as sobor dos artistas. Todo isto pode sere moi importante. Sa3dos aos amigos, a tua dona, os pequenos, a ti, recibide a aperta de Maruxa e miña, e ti a moi forte de teu amigo:

Seoane

Contesta axiña. Gust3riame que Mart3nez Risco me enviase algo, e o mesmo Tudela e a xente disa.

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.